

Resolución do director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal) pola que se establecen distintas interpretacións sobre aspectos da produción gandeira recollidos no Regulamento (UE) 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello de produción ecolóxica

A publicación do Regulamento (UE) 2018/848 do Parlamento Europeo e do Consello, de 30 de maio de 2018, sobre produción ecolóxica e etiquetado dos produtos ecolóxicos e polo que se derroga o Regulamento (CE) nº 834/2007 do Consello, esixe por parte da autoridade competente a interpretación de diferentes aspectos que non quedan suficientemente definidos na normativa ou que deben adaptarse ás circunstancias do noso sector ecolóxico así como outorgar as autorizacións que se sexan precisas que son responsabilidade da autoridade competente.

Mais concretamente é preciso autorizar o emprego de gando aviar convencional de menos de 3 días para a recría en explotacións de gando aviar de carne ou posta tal como establece o punto 1.3.4.3 parte II do anexo II de dito regulamento, que recolle as normas da produción gandeira dada a falta de gando ecolóxico para suplir a dita actividade.

Por outro lado, é preciso establecer os días que, como moito pode permanecer no interior das granxas o gando aviar de carne sen acceso a parques, segundo indica o apartado 1.9.4.4 d) da parte II do anexo II. O gando aviar nos primeiros días de crecemento non pode estar exposto ás inclemencias do tempo e pode sufrir enfermidades se se expón a condicións climatolóxicas adversas pero deben tamén limitarse os días que permanece o gando sen saír ao exterior.

Tamén é necesario definir o concepto de "ave de corral joven" coas súas acepcións de "pollitas" (que define o apartado 29 do artigo 3 do regulamento 2018/848 que trata das definicións) ou "gallo joven" (como o define o Regulamento 2020/464).

É preciso autorizar o emprego de pensos proteicos con destino ao gando porcino e aviar ata o 31 de decembro de 2026 nas condicións establecidas nos puntos 1.9.3.1 c) e 1.9.4.2 c) da parte II do anexo II do Regulamento (UE) 2018/848 dado que estes pensos proteicos son fundamentais no crecemento do gando e é difícil atopalos no mercado na súa versión ecolóxica e así mesmo so se incluírían na dieta nunha etapa temperá de crecemento e nunha baixa porcentaxe.





De conformidade con todo o indicado, RESOLVO:

1. Autorizar o emprego de gando aviar convencional con menos de 3 días destinado a granxas de posta ou de carne ecolóxicas segundo o establecido no punto 1.3.4.3 parte II do anexo II do Regulamento 2018/848
2. Establecer en 35 días o prazo máximo no que o gando aviar de explotacións de engorde pode permanecer sen saída ao exterior segundo indica o apartado 1.9.4.4 d) da parte II do anexo II do regulamento 2018/848
3. Establecer a idade das poliñas novas dedicadas a recría para aves poñedoras de ovos en 18 semanas e a idade das aves novas para granxas de engorde de polos en 35 días.
4. Autorizar o emprego de pensos proteicos con destino ao gando porcino e aviar ata o 31 de decembro de 2026 nas condicións establecidas nos puntos 1.9.3.1 c) e 1.9.4.2 c) da parte II do anexo II do regulamento 2018/848

Santiago de Compostela,

José Luís Cabarcos Corral
Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria
(Documento datado e asinado dixitalmente á marxe)

